



**Concello de
Oleiros**

**MOCIÓN DO GOBERNO MUNICIPAL DA “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS”
A RESPECTO DA SITUACION QUE SE ESTA A VIVIR NO NORTE DE
AFRICA E NO ORIENTE PROXIMO**

Transcorreron máis de dous anos desde que a chamada “primavera árabe” iniciouse en países do norte de África e do Oriente Próximo. Moitas persoas da rexión, unidas ao redor dunha causa común, inundaron as rúas para esixir un cambio e sufriron graves violacións de dereitos humanos ante a represión exercida para calar as protestas.

O goberno municipal da “Alternativa dos Veciños” entende que o tipo de relacións mantidas durante anos cos gobernos represivos destes países pola Unión Europea e os seus Estados membros, incluída España, non impulsaron melloras na situación dos dereitos humanos; que os disturbios nesta rexión ocasionaron desprazamentos masivos; que as mulleres continúan sufrindo discriminacións, tanto na lei como na práctica; constatando que as armas, municións e equipos usados contra manifestantes na súa maioría pacíficos, foron despregados privando ás persoas do exercicio lexítimo do dereito á liberdade de expresión, reunión e manifestación.

Tendo en conta a oportunidade de cambio do contexto dos dereitos humanos, o Concello de Oleiros propón adoptar os acordos que se sinalan:

Primeiro.- Solicitar do Goberno do Estado que, no marco das súas relacións bilaterais cos gobernos do Norte de África e Oriente Próximo sitúe o respecto e a protección real e efectiva dos dereitos humanos no centro de toda iniciativa. E a estes efectos, o goberno español debería adoptar as seguintes medidas:

- Garantir un tratamento prioritario dos problemas de dereitos humanos nas relacións bilaterais de España e da UE con estes países.
- Levar a cabo unha revisión exhaustiva, caso por caso, de todas as transferencias e exportacións de armas á rexión, e suspender e denegar aquelas transferencias de armas sobre as que existe un risco substancial que se utilizarán para cometer ou facilitar violacións de dereitos humanos.
- Promover a cooperación destes países cos mecanismos de dereitos humanos das Nacións Unidas; e a ratificación dos tratados internacionais nesta materia.
- Instar ás autoridades destes países a poñer fin á impunidad e impulsar a apertura de investigacións independentes, completas e exhaustivas das violacións de dereitos humanos cometidas no transcurso das revoltas e no pasado, asegurando que os responsables son levados ante a xustiza e que as vítimas e as súas familias reciben reparación, así como a poñer fin ás



**Concello de
Oleiros**

detencións arbitrarias e aos xuízos sen garantías, e a prohibir a tortura e outros malos tratos.

- Axudar ás autoridades a promover e protexer e garantir os dereitos e a participación das mulleres, poñendo fin á súa discriminación, e instalos a loitar contra a violencia de xénero e a violencia sexual.
- Promover a abolición da pena de morte, debendo declararse unha moratoria ata que a mesma sexa abolida, esixindo dos gobernos destes países o respecto á liberdade de expresión, manifestación e reunión, de maneira que as leis que penalicen estes dereitos se modifiquen para estar en consonancia coas leis e normas internacionais ou, en caso contrario, que sexa derogadas.

Segundo.- Solicitar do Goberno do Estado que sitúe o respecto e a protección real e efectiva dos dereitos humanos no centro de calquera relación que manteña cos gobernos do norte África e Oriente Medio, tendo en conta as preocupacións mencionadas nos parágrafos anteriores.

Terceiro.- Trasladar a presente moción ó Goberno do Estado; ó Ministerio de Asuntos Exteriores e a “Amnistía Internacional”.